



RESOLUCIÓN

ASUNTO: DESESTIMIENTO PROCESO SELECTIVO Nº 2022/E001/000008 PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN SOCORRISTA AO ABEIRO DO PROCEDIMENTO TR351A .

EXPEDIENTE DECRETO: 2022/G003/000834

ANTECEDENTES:

Aprobadas con data 30/05/2022 as bases do proceso selectivo a para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dun socorrista ao abeiro do procedemento TR351A - subvención para entidades locais que contraten traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social”

Con data 08/06/2022 publícase a relación de candidatos remitidos pola oficina de emprego para a oferta 12-2022-6496 de contratación dun socorrista. Como resultado da renuncia, con data 22/06/2022, do único candidato remitido e necesaria a ampliación da oferta.

Con data 22/06/2022 solicítase prorroga da data máxima de contratación establecida na resolución de concesión (01/07/2022) dada a necesidade de remisión de novos candidatos.

Con data 23/06/2022 a Xefatura Territorial de A Coruña da Consellería de promoción do emprego e igualdade comunica a ampliación do prazo de contratación ata o 27/07/2022.

“O 23/06/2022 O artigo 15 das bases reguladoras establece no seu punto 2 que, excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, a persoa responsable da xefatura territorial da consellería poderá autorizar o inicio do servizo con posterioridade ao prazo fixado na resolución de concesión, logo da solicitude para o efecto da entidade beneficiaria.

*O artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que a Administración pode acordar ampliar un prazo, agás precepto en contrario, por un prazo **que non exceda da metade do fixado** se as circunstancias o aconsellan e non se prexudican dereitos de terceiras persoas. A decisión, que non é susceptible de recurso, ten que ser notificada, en todo caso, antes do vencemento e non pode, en ningún caso, ampliarse un prazo xa vencido.*

*Vista a solicitude na que se expón a necesidade da ampliación do prazo sinalado na resolución para o inicio do período de contratación (01/07/2022), e tendo en conta que se cumpre o disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, esta xefatura territorial **acorda ampliar o dito prazo ata o día 27/07/2022.**”*

Con data 19/07/2022 e 20/07/2022 o servizo público de emprego de Cee remite nova relación de candidatos para a oferta de emprego 12-2022-6496, procedéndose á publicación da lista de candidatos remitidos con data 20/07/2022 e á apertura dun prazo de 3 días hábiles para que os mesmos aporten solicitude de participación no proceso.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, parte da documentación aportada coas mesmas é incorrecta e un dos candidatos non presenta solicitude de participación nin renuncia, polo que non é



Exp. 2022/G003/000834

posible aprobar directamente a lista de admitidos e excluídos, **sendo necesaria a publicación dunha listaxe provisional e a apertura dun prazo de subsanacións, resultando imposible o cumprimento da data máxima de contratación** establecida na orde de concesión e posterior prórroga e condición indispensable para a percepción da axuda concedida.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1-. Desistir do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dun socorrista ao abeiro do procedemento TR351A - subvención para entidades locais que contraten traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social, polas razóns indicadas na parte expositiva da presente resolución e pola condición establecida polo ente subvencionador de data límite para contratación.

2- Publicar a presente resolución no Taboleiro de anuncios municipal na sede electrónica municipal (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/tablon/>), con carácter informativo na páxina web municipal (cee.gal) e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A *alcaldesa*, Margarita Lamela Louzán

A *secretaria*, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]